

Esta é a miña orquestra

Por Martín González Paz

Martín González Paz é un dos colaboradores habituais da nosa revista Xornalouro. Hai algúns anos foi alumno do noso Instituto e tamén foi colaborador do programa *Son Vidas* de Radio Valadouro. Reside actualmente en Santa Mariña, na parroquia de Mor, en Alfoz. É un gran afeccionado á literatura e as súas historias sempre están cheas de sentimento e valores humanos.

Dedicado con todo o meu cariño ós compoñentes do grupo teatral "Raiolas", porque son unha xente marabillosa, en especial "O Festexeiro", polo seu gran amor ás orquestras.

Alguén se lembra da orquestra "Valadouro"? Fora aquí un *boom* na década dos sesenta e parte da dos setenta. Se non vos lembrades, agardade, que vos axudo a facer memoria. Eran tres: Martín García Paz, Rogelio Rubal Villarquide e Marcos Geda Castro. Sacaron catro discos ó mercado: "A Riotorto vai de vivo quen non foi de morto", "As is sobre os puntos", "Cando chove e fai sol vai o demo a Ferrol", e un recopilatorio: "Os mellores anos da nosa vida". Foron moi queridos e respectados aquí, no Val, pero en todos os grupos hai malos *rollers* e envexas, o que fixo que o 24 de Xuño de 1975, despois dunha acaloradísima discusión no bar "Canducho", o grupo se disolvera. Dende entón nin se falaban nin se volveron ver. Só sei que Rogelio e Marcos marcharon traballar ó estranxeiro, pero non sei onde están. Martín, o outro membro, é meu pai. Eu son Martín García Lorenzo, o seu fillo.

Meu pai, dende que a orquestra se separou, non volveu a ser o mesmo. Está como apagado, non quere vivir. Cando o levo ó médico este sempre me di que a curación do meu pai é que a orquestra "Valadouro" volva, pero preguntáredesvos, con toda a razón do mundo: "E por que non facer outra orquestra con outros compoñentes?". Meu pai non quere.

- Rapaz -díxome o médico-. Ou volves reunir a orquestra ou será demasiado tarde.

- E como sei eu onde foron os membros da orquestra?

- Iso é sinxelo. Eu se teño algunha dúbida vou ó concello ós arquivos. Pregúntalle a Purificación, a Secretaria.

Seguindo o consello do médico, fun até o concello.

- Puri.

- Si, Martín?

- Ti sabes por onde andarán don Rogelio e don Marcos?

- Coa Internet sábese todo.

Despois dun cuarto de hora buscando...

- Atopeino!

- Onde están?

- Están en Suíza. Marcharon para a fundición en Leiseaghen.

- Iso é lonxe e economicamente non me podo permitir a viaxe.

- Canto che fai falla?

- Don Roberto!

Don Roberto Lousa Andrade era o noso Alcalde. Levaba dende o ano 1987 no cargo e aquela ía ser a súa derradeira lexislatura.

- Canto necesitas? Toma cincocentos euros.

- Don Roberto... Iso son moitos cartos...

- Ti vai a Suíza e atópaos, para que o noso tan amado Val volva sentir a música da orquestra Valadouro. Polos cartos non hai problema. Xa mos devolverás.

- Así que comeza a Operación "Buscar a Rogelio e Marcos".

Cheguei á miña casa e despedime do meu pai.

- Vello! -chámollo con todo o cariño do mundo.

- Si?

- Marcho.

- E logo?

- Vou a Porto. Saíume unha oferta de traballo. Vou á preselección. Hei pasar uns días fóra, así que pórtese ben con mamá, eh?

- Vale. E sorte co emprego.

Miña nai, que xa sabía para onde ía (as novas voan, eh?), díxome:

- Hache custar traelos, que son dous testáns, pero deséxoche moita sorte.

- Miña nai, máis testán ca min non hai no Valadouro nin no mundo enteiro.

- Sorte.

- Voume.

Canducho, o dono do bar onde se producira a disolución da orquestra, tamén era taxista nos seus ratos libres e levoume até Lavacolla.

- Tráeme un recordo de aló.

- Traereino.

- Fillo!

- Si, don Canducho?

- No nome de todos, grazas.

- Non hai de que, home. Xa verá como sae todo ben.

Cheguei a Suíza. Que fermoso era todo! Esas montañas... A fermosura que non vos podería describir nestes momentos... Collín o autobús que me levaría ó condado de Leigheasen. E onde preguntar? Como non: no concello. Xa dentro do edificio do concello fun até Información.

- Hello!

- Polo acento deduzo que es galego, non?

- Anda! Un paisano! O mundo éche ben pequeno, home! E vostede de onde é?

- Eu son de Pontevedra. Chámome Claudio Fernández e levo máis de corenta anos traballando neste marabilloso concello.

- Eu chámome Martiño García e veño buscar dous vellos coñecidos.

- E en que ano chegaron aquí, a Suíza?

- No ano 76.

- E como se chaman?

- Un chámase Rogelio Rubal Villarquide e o outro Marcos Geda Castro.

- E a que viñeron?

- A traballar na fundición.

- E de onde es ti?

- Eu do Valadouro.

- Bo sitio. Miña señora é de preto de alí.

- De onde?

- De Lourenzá, terra do Conde Santo.

- Anda mira!

Claudio foise dentro a ver se descubría algo, mentres eu quedei agardando.

- Fillo.

- Si?

- Apareceron.

- Aleluia!

- E non viven moi lonxe de aquí. Espera, que te levo eu.

- Moitísimas grazas, don Claudio.

- Mira, fillo. Un galego poderá quitar a outro galego de Galicia, pero nunca... nunca... Oíchesme? Nunca...! Poderá quitar Galicia dun galego. Nunca!

- Boa razón ten.

- Porque Galicia lévase aquí, na memoria, e moi especialmente aquí, no corazón.

- E cando pensa volver para aló?

- Se Deus o quere e a saúde mo permite, cando me xubile.

- Vostede está feito un chaval.

- Si, como Paco Martínez Soria. He, he! Veña, imos rápido levarche ás casas deses señores.

Collimos o coche de don Claudio (e vaia BMW tiña o home).

- Algún capricho teño que ter, que para aló non o vou levar.

- Boa razón ten.

- Chegamos.

- Tiñan as dúas casas pegadas!

- Na da esquerda vive Rogelio e na da dereita vive Marcos.

- Que Deus llo pague, don Claudio.

- Por un paisano, todo. Que teñas sorte, fillo.

Tremíanme as pernas pensando en como me recibirían despois de tantos anos. Meu Deus! Despois de 35 anos íaos volver a ver. Chamei á porta e abriume dona María.

- Si? Que queres, rapaz?

- Eu... Eu... Buscaba a Rogelio Rubal... Vive aquí?

- Si.

- Non me recoñece, dona María? Os caramelos que me leva dado...

- Martinciño!

- Si, son eu...

- Ola, rapaciño!

Abrazouse a min.

- Quite, quite, que me asfixia!

- Quen é, María?

- É Martín fillo.

- O que? Ola, home! Que eu estea a matar co teu pai non significa que o estea contigo. Eu quéroche ben, fillo. E a túa visita?

- É meu pai...

- E logo que ten?
 - Quería que volvesen a unir a orquestra.
 - Por que?
 - Meu pai está moi mal.
 - Non quero volver a ver a ese home nunca!
 - Deixa falar ó rapaz.
 - Dende que vostede e don Marcos marcharon non volveu a ser el. Está sempre dicindo "E cando os volverei ver?". Por favor, volvan unir a orquestra, pola amizade tan fermosa que tiveron.
 - Non.
 - E que tal está todo por aló?
 - Segue todo como estaba. Aurelia, a muller do Canducho...
 - Canducho... Boa peza!
 - ...abriu unha tenda de chinos.
 - Mira ti para ela...
 - Se queres, podes quedar aquí, na miña casa, a durmir. É o mínimo que podoo facer.
 Don Marcos, que oía a conversación, saíu da súa casa e veume dar unha forte aperta.
 - E logo está tan mal?
 - Está mal, don Marcos.
 - Adeus, fillo. Sinto moito que fixeras tantos quilómetros para nada. As portas das nosas casas tédelas abertas sempre ti e maila túa nai.
 - Seino, don Marcos, seino.
 - Adeus.
 Collín o primeiro avión de volta.
 - Que tal todo? -preguntoume o Alcalde.
 - Mal. Teñen moito rancor. Non creo que veñan.
 - Xa verás como si. Todo pode cambiar. Faltan dous días.
 O venres pola tarde meu pai sufriu unha recaída e veu por el unha ambulancia. Cando saíamos para o hospital, sabedes quen entraba no bar de Canducho? Acertastes: don Rogelio e don Marcos, vestidos coa roupa da orquestra.
 - Benditos os ollos que vos ven.
 - Canducho.
 - Si?
 - A quen levan na ambulancia, que vai como unha tola?
 - É Martín. Tivo unha recaída.
 - Queeeee!
 - Marcos, vamos rápido ó hospital. Gra-

zas, Canducho.
 - Ten razón iso que se di de que "onde houbo lume sempre quedan cinsas.
 Xa no hospital, eu agardaba impaciente a que o doutor me falase.
 - Martín García! Familiares!
 - Si. Eu.
 - Seu pai quéreo ver.
 - Vou.
 Xa na habitación comecei a chorar ó velo alí.
 - Non chores, que o vello non se vai aínda.
 - Haino que aguantar uns anos máis, eh?
 - Fillo...
 - Si, meu pai?
 - É certo que fuches a Suíza a buscar a Rogelio e a Marcos?
 - Si, Martín, é certo. E tes un fillo que vale moitísimo.
 - Rapaces! Estadades aquí!
 - Claro que estamos! Levanta de aí! Levanta!
 - Martín.
 - Si, Rogelio?
 - Perdóasme?
 - Claro que si, ou non somos irmáns?
 - E a min perdóasme?
 - A ti tamén, Marcos.
 - Pois veña, que mañá temos que tocar na praza. A orquestra "Valadouro" acaba de volver!
 - Claro!
 Despois de darlle a alta ó meu pai, os tres estiveron toda a noite con Canducho no bar, non para rifar, senón para rir e rir.
 O sábado pola mañá estiveron ensaiando e meu pai cantaba cada pasodobre que daba gloria oílo.
 Xa á noite, moitos veciños do Val achegáronse á praza porque levaban trinta e cinco anos esperando aquel momento. Primeiro saíu don Roberto.
 - Veciños! Hoxe é un día moi especial, porque a orquestra "Valadouro" volve tocar!
 Pero en primeiro lugar, de "teloneiros", actuaron os do grupo teatral "Raiolas", que representaron a súa obra "A lotaría". A obra encantoume, porque os membros de "Raiolas" son uns actorazos de matrícula de honra.

- Gustovos a obra?
 - Moito.
 - Non vos oio, Valadouro!
 - Moitooooo!
 - Ben, amigos. Déixovos coa orquestra "Valadouro". Un forte aplauso para eles!
 Cando vin saír ó meu pai co seu traxe, emocionéime. El colleu o micrófono.
 - Estou moi contento esta noite, porque "Raiolas" deixou o listón ben alto. Hoxe hai medio século tres *cabezas tolas*, tres *living la vida loca*, como din agora, emprendemos unha nova aventura cheos de ilusión: formar a orquestra "Valadouro", e para nada... para nada me arrepiño daquilo, porque teño dous amigos extraordinarios e, sobre todo, a miña muller e o meu fillo, Martín Junior, que sen el isto que imos ver agora non sería posible. Disfrutade do concerto, bailade moito, que hai que baixar os callos da cea. Amigos! Veciños! Con todos vós... a orquestra "Valadouro"!
 O concerto durou sete horas, até as altas horas da madrugada. O aplauso do público alí presente durou máis de cinco minutos. Meu pai baixou canda min.
 - Gustouche, Martín?
 - Si, moito.
 - Pois os compoñentes da orquestra "Valadouro" pensamos que se somos tres, tamén podemos ser catro. Queres formar parte da nosa orquestra? Ti fuches a que a resucitaches.
 - Claro que si! Acepto!
 - Rogelio e Marcos volven para Suíza a facer as maletas e logo véñense vivir aquí definitivamente.
 - Ola, rapaz. Son eu.
 - Don Claudio! Vaia ledicia velo!
 - Deixei Suíza. Acabo de mercar un pazo aquí, en Lourenzá, a terra da miña muller. Galicia é única.

A orquestra "Valadouro" non para de conseguir éxito tras éxito. Xa nos chamaron para tocar en Bos Aires, en Montevideo, en Miami, en La Habana... O mes que vén imos tocar a Tokio. Eu axudo ó meu pai nas voces e estou moi contento. Viva por sempre a orquestra "Valadouro"!

O Courel

Por Suso Rubio

Suso Rubio é o responsable da OMIX do Valadouro. Sempre se pode atopar nas súas oficinas da Casa da Cultura de Ferreira, dende onde leva a cabo un admirable labor cultural, axudando ós nenos e rapaces a localizar información e promovendo diversas actividades lúdicas e culturais. Colabora asiduamente coa Radio Valadouro, na que xa dirixiu varios programas e da que mantén actualizado o blog. Igualmente, ten unha páxina Web co nome de "Roi Buligán", na que presenta as súas importantes inquedanzas culturais. É igualmente o promotor e o Director da revista cultural *Búsola*, que se edita no Valadouro.

(Texto publicado con ocasión da "Ruta do Río Pequeno" realizada no Courel pola asociación Paso Miúdo).

O home fronte ó Courel, unha das montañas icónicas da xeografía galega. O Courel e o home primixenio da Galiza. O máis antigo devanceiro, antepasado aínda dos

habitantes atalaiados no Castro de Brio. Un xacemento do noso Ótzi particular peneirado polas áxiles mans de arqueólogos entre restos de Uros e outros seres case mitolóxicos.

Con este antecedente nos enfrontamos nunha expedición pouco avisada da dureza da montaña... Se o río Miño é pai, pode

que o Courel sexa nai, ou polo menos nao desta viaxe, na que as nosa mentes se dispersan ao longo de trece quilómetros de sabedoría. Un vieiro que se remonta na bacia do río Pequeno, limpo, transparente, sobre cantos rumorosos... Pode que Novoneyra deslízase algún verso por estes carronzos... De súpeto, un dos misterios da

rota: un muro tallado a navalla, un verdadeiro pozo escuro, húmido, mofento, con cairos desafiantes de xeo. Sigamos que vai frío.

O paso ha de ser miúdo por forza, remontando escaleiras de laxas, congostras feitas fervenzas peonais, pasos de fila india ascendendo outeiros pelados... Ángel fála-me da propiedade letal das uceiras: se rompes a uz, prepara a cruz! O mesmo guía trepa ao castro indicado na sinal informativa... aínda que se agocha da vista entre xardóns e aciñeiras, malas artes dos mouros e outros cobizosos seres sen dúbida.

Continuamos divagando pola senda dos castiñeiros milenarios erguidos como torres leñosas e vixias dos nosos pasos perdidos. U-la bubela? U-lo picapeixe? Dora quere escoitar un murmuro de ave nos ecos do soto... Pero volvemos a camiñar sobre pedras revoltas, tras deixar atrás Mercurín e as galerías de madeira, e todo o Courel nos parece infindo envolvéndonos con parsimonia.

A peregrinaxe tamén debería rematar aquí, non só no fin da terra, senón no principio do home e das nosas primeiras pegadas, onde a vida palpitou por riba destes montes duros e salvaxes.

Así que rematemos a viaxe, deixemos durmir aos xabaríns e aos lobos, despedámonos da gran muralla de castiñeiros ocós e pantasma, respectemos os tesouros do castro e continuemos a vida que a Nai Courel nos legou hai miles de anos.

PD: A vida non cesa nin nas primeiras luces do camiño, un neno ou nena dá os primeiros pasos no seo de Laura, ela preguntame por nomes galegos, gústalle "Fins" e a min tamén.

Noraboa José María e Laura.

O Carrelo foi canteiro

Por Lionel Rexes

Lionel Rexes é o principal representante da Liga Céltica Galaica no Valadouro e, como tal, dirixe a publicación da revista *O Prado das Chantas*, editada por esta organización. Colaborou durante anos na Radio Valadouro, converténdose na pasada temporada 2009-2010 nun dos piares do programa *Parolando*, emitido nas tardes dos xoves. Lionel mostra tamén unhas fondas inxerencias literarias, sendo autor de unha chea de novelas e escritos de diversa temática.

O Carrelo foi canteiro, pero canteiro dos de verdade, que agora a calquer raposo lle chaman can, e aínda hoxe se gaba de ter feito un cento de nichos nos cemiterios da montaña, ou de ter estado no enceto da casa do médico, xunta as forzas vivas do Concello no intre de depositar unhas moedas nos primeiros alicerces, tamén lembra a súa presenza no nacemento da escola vella e máis unha merenda con viño sacro mentres mendaban a igrexa dunha parroquia que sempre obvia.

Aínda era picarexo cando comezou a traballar ou secadra a aprender, cun dos canteiros de máis sona da aldea, e o que máis o amolaba era ter que ir andando a pé –como explica el– ata o lugar onde se obraba aquel día.

Un dos seus primeiros destinos foi unha parroquia da montaña, onde ás veces non eran ben recibidos os valecos, aínda que o único pecado que tiñan cometido estes contra os montañeses era vivir naquelas aldeas fondas e chás. Mais o Carrelo amañouse para ter unha boa acollida e deixar un mal recordo.

Xa levaba uns días argallando nunhas pedras para a casa do apoderado do cacique, cando se decatou do balbordo que agromaba da volta dunha congostra, o primeiro día que o ouviu non se achegou a sabichonar, un dos compañeiros andaba perto, e no traballo hai que cumprir ou polo menos facer ver tal cousa.

O venres pola mañanciña, nunha arroutada profesional, escolleu el mesmo a pedra pola que ía comezar, e casualmente non cadraba moi lonxe da volta dunha congostra...

A rentes das once comezaron a sentirse uns risos aló lonxe. O Carrelo deixou as ferramentas no chan, tirou o pano asemade endereitaba os cadrís e con moita cerimonia foi enxoitando a fronte e máis as pálpebras, xa se ouvían máis perto aquelas vo-

ces femininas –as doutro xénero non merecían semellante ritual– e o rapaz foi andando paseniñamente até uns xestais dende onde se podía fitar a congostra e máis a xente que por ela pasaba. Logo viu dúas mozas fortes e coas fazulas acesas que alancaban moi dispostas, atrás delas viñan outras dúas con candanseau caldeiro e colliadas de ganchete, as rapazas decatáronse da presenza do estraño antes de que este puidera cavilar cal delas lle gustaba máis.

- Oe, rapaz! Es un escapado ou es capazado?

Todas riron coma tolas o dito da Xiana, un dos caldeiros fixo tal estorrenda ao caer no chan que o xefe do Carrelo ergueu a cabeza e foi até onde estaba o seu obreiro, fitouno, fitou ás mozas, e sorriu.

- Non, non son ningunha das dúas cousas. Eu son retratista. Cando non hai moito choio axúdolle a este meu parente, mais eu son retratista.

- Retratista? E tés máquina?

- Ti non pensas noutra cousa!

A Xiana botou a man á boca e baixou a cabeza namentres as súas compañeiras rían a cachón. O xefe dos canteiros escoitaba calado, para ver se era quen de saber a intención do Carrelo. Unha das mozas colleu o caldeiro coas dúas mans, apertouno contra o peito e recachouse para estar máis cómoda, entón berroulle ao Carrelo:

- Oio! E podes retratarme a min?

- Se ti queres si, eu non obrigo a ningunha...

- Bo! E canto cobras?

- Aí está, canto hai que che pagar?

- Secadra... A vós, por ser unhas rapazas feitiñas non vos cobro ren. Iso si, tedes que vestiros ben, como se foades para a misa, e se me traedes uns chourizucos aínda vos hei sacar as saias... Sen mendas!

- Oe rapaz! Eu para a misa non levo mendas!

- É un falar muller, é un falar.

O rapaz gardou as mans nos petos e saloucou asemade lle preguntaba ao xefe a data de remate naquela parroquia, ese había ser o día escollido para amosar a súa habelencia no eido da fotografía, o derradeiro día no lugar.

As mozas escoitaban as conversas entre os canteiros cos ollos aínda máis abertos cás orellas, non podían perder aquela oportunidade. Os fotógrafos non ían por alí, agás cando á parroquia lle pertencía a quenda de anovar os carnes, acto ben masivo e festivo... Coma se se estivera a honrar ao patrón da identidade.

A obra non foi das máis curtas, e o Carrelo decote contra as once, disfrutaba do xamón montañés, o de máis sona en todo o val. Á hora do xantar nunca lle faltaba un chourizo, e de cando en vez até lle traguían unha presiña de tabaco e un papel de fumar. O Carrelo dáballes as grazas e dicíalles que na súa casa non afumaban tanto a carne, tamén lles lembraba que o tabaco non se debe gardar nun sitio húmido, iso si, o xamón non tiña ningunha eiva.

Coas lerias, remataron o traballo o derradeiro día daquel ano, apuraron a tarefa para chegar cedo á casa, mais as mozas estiveron ao pé dos canteiros case toda a xornada. Nunca aqueles traballadores da pedra viran zapatos tan limpos nin cabeleiras tan recollidiñas. As catro mozas tardaron máis de dúas horas en escoller o fondo acaído, dubidaban entre uns rebolos e os xestais de riba da congostra, de pouco serviu tan traballosa procura, por que o Carrelo decidiu que o mellor sitio era o curuto dunha pena, onde por certo, batía o xieiro con forza dabondo.

Cando os canteiros remataron, o xefe foi falar co apoderado do cacique. Os compañeiros do Carrelo foron cara as mozas mentres estas se compoñían diante dun espelliño que trouxera a Xiana. Elas aturaban as olladas cheas de fachenda e o Carrelo daba

voltas ao redor da pena coma se estivese procurando a banda máis axeitada para tan memorábel feito.

- Veña, ide subindo, ollade a pena primeiro, tedes que poñervos de tal xeito que tras de vós se vexa A Frouseira.

De certo, as mesmas cabras tremerían se foran obrigadas a pórse en tal sitio e de tal xeito, mais aquelas mozas, aínda non coñecían ao medo nin aos pillabáns, e tardáballe moito ter un retrato no seu cuarto, inda que aparecieran empoleiradas nun cumio...

- A ver neniñas, que logo é noite, mirade ben onde poñedes os pés.

Cando o xefe dos canteiros viu ás catro rapaciñas gabeando pola pena e agarrándose unhas ás outras, achegouse ao seu obreiro para o advertir.

- Oíches Carrelo: A ver se vas facer unha que valla dúas, non che digo ren de que tolees un chisco mais...

- Estamos ben aquí?

- Nin máis nin menos. Xusto Pepiño ma-

zás coma puños.

A Xiana e máis as súas amigas chegaron ao curuto da pena, estaban afeitas a brincar nelas e a aganchar polas árbores, mais non coñecían os segredos daquel mundo granítico, chantado no medio de moitos outros aparentemente semellantes.

De súpeto a pena comezou a abanearse, elas tremían coma a vara verde e o vento erguía as saias, non daban feito para terse de pé e máis termar da roupa.

- Oio, isto bule!

- É o vento que move a pena! Agarrádevos ben entre vosoutras! Collédevos dos vans!

As rapazas encadeáronse entre elas como puideron e deixaron que o xieiro xogara coas saias. A pena deixou de arrandearse, elas miraban para abaixo e vían un fato de canteiros rindo e retorcéndose. Cando a pena ficou queda e elas máis endereitadas, o Carrelo tirou do peto un transistor que lle trouxeran da cidade un seu irmán, púxoos diante do ollo esquerdo e calcoulle a bóliña

da antena cun dedo.

O Carrelo acenou coa man para que ficaran quedas, andou paseniñamente ao redor da pena asentindo. Alí enriba, seguían as catro rapaciñas, todas nun puño amosando as coxas.

- Queredes outra?

- Non! Imos baixar!

Baixaron con máis gana que subiron e as coitadiñas non deixaban de comentar a forza do vento xieiro naquel serán.

O Carrelo quedou en levarlles as fotografías asemade xiraba distraído unha rodiña do transistor. Elas nunca viran unha cámara fotográfica —o Carrelo tampouco— nin sabían que aquela pedra era a "Pena Abaladoira", á que non lle fai falla moita forza para que abanee... Ben chega coa man dun canteiro.

Cando marcharon as mozas, o Carrelo acendeu a radio e agradeceu a colaboración do compañeiro que estrincara contra a pena canto puidera.

Gran Vía Live

Por Lionel Rexes

- Vai comezar unha guerra e vós estades aí... sen facer ren. Nos meus tempos estamos queimando a universidade!

Escoitamos á profesora de Psicoloxía sen acabar de saber se o estabamos a facer ben ou mal, compracidos de non estar a xogar coa nosa liberdade e asemade arruados na quentura dun maremagnum de *manifas* ás que irían os demais.

Aínda estabamos desubicados nas datas, na vida, en nós mesmos. Era a xeira dos comezos. Viña de encetarse 1991, era o primeiro curso da carreira, e tamén ía comezar unha guerra. Daquela éramos tan alleos a aquel conflito que non podíamos albiscar que nos acompañaría durante a mocidade toda.

Estudábamos nunha escola universitaria que tiña máis xeito de aldeña ca doutra cousa, seica aquilo fora a residencia de lecer dunha raíña, e de certo aquela paisaxe mesta convidaba máis á contemplación ca ao estudo. Xardíns, árbores, un meteorito que caera non sei onde, e no medio da fraga as aulas en pequenos módulos. Cando chovía arrecendía a camposa húmida e as señoras da limpeza andaban aos caracois. Parecía mentira, pero todo iso estaba no medio de Madrid, na ruidosa Ronda de Toledo, ben perto da Glorieta de Embaixadores. Cando chegaba a calor, na cafetería —que viña sendo unha taberna de aldeño— poñían un botixo ao dispór do estudantado, para que ninguén pasase sede. Íamos botar tres anos naquel microcosmos silandeiro e pacífico, semellaba que todos os recordos ían ser bucólicos até que o mundo comezou a matarse.

PATACAS BRAVAS.

Ao pouco de chegar á aula soubemos

que non habería clase, tampouco a houbera na quenda matutina. Teoricamente era para que o alumnado puidese asistir ás mobilizacións, habíaas a todas as horas. Coído que ninguén asistiu á concentración da tarde, o noso grupiño colleu os cartafóis despois de tomar algo na cafetería e emprendeu un camiño sabido, prestábanos botar o tempo morto en Sol ou Callao, íamos andando paseniñamente, sen présa, Juan Luis sempre paraba no caixeiro automático, os demais mirábámolo con envexa, éramos máis novos, non tiñamos tanta experiencia, el comezara varias carreiras e enfrontábase aos profesores con carraxe.

A Gran Vía atraíanos especialmente, era o lugar máis acaído para observar toda esa fauna urbana que endexamais sae de certos barrios, unha sorte de tribo autóctona con hábitos estafalarios e vocación exhibicionista.

Durante o traxecto lembramos as protestas estudiantís do curso 1986-87, cando todos nós estabamos no instituto. Non as lembrábamos polas vitorias acadadas nin pola nosa heroica participación, daquela éramos moi tenros para esas leas, e a pouca gana de asistir ás concentracións retirárasenos cando a policía disparara contra unha manifestante adolescente.

Foran as míticas *manifas* de Jon Mantecca, un rapaz sen unha perna ao que as cámaras dos informativos inmortalizaran rachando farolas cunha muleta. Eu vírao na Plaza Mayor tempo despois, no medio dun fato do que hoxe se denominan "pés negros" e daquela chamabamos sinxelamente *punkies*. Seica quedara sen a perna a consecuencia da caída dende unha torreta eléctrica. Hai pouco tempo souben que morrera de Sida en plena mocidade.

¿Esos de marrón, de que colegio son? Fora un dos lemas con máis repercusión naqueles días da década dos `80, facía referencia á cor do uniforme da Policía Nacional e máis á súa presenza disuasoria ao pé dos estudantes.

Despois de ver as carteleiras dos cinemas de Callao, fomos baixando pola Gran Vía cara a Plaza de España, á dereita había unha rúa estreita, e alí estaba o bar das patacas bravas. Cando non tiñamos que facer saciábase a fame e a sede naquel curruncho. Cervexa e patacas, todo un luxo estudantil.

Miguel Ángel, que era berciano e ás veces falabamos algo en galego, fíxose na tele, aparecían unhas imaxes confusas enmarcadas cuns rótulos que nunca víramos.

- CNN live? Iso é ao vivo? Live é directo, ou?

- É.

- Iso está pasando aló?

- Si... Son imaxes da CNN americana.

- Son bombardeos. En Bagdad, pono alí.

Viñamos de recibir o noso baptizo de sangue na zona máis cosmopolita da cidade.

A GUERRA DOS ROCHOS.

Madrid convulsionouse nos días previos aos comezos dos bombardeos, cando estaba a piques de rematar o prazo dado por Bush vello a Sadam Hussein a xente comezou a mercar víveres desaforadamente, os andeis dos supermercados ficaban baleiros decantado. Moitas familias amorearon comida nos fogares cun temor herdado. Os medios de comunicación comezaron a advertir que esa práctica só traería consigo a suba dos prezos, e que non ía producirse ningunha ausencia no fornecemento nin es-

caseza. Daquela supuxen que eran os avós da casa, aguilloados polas pantasmaas doutrora quen obrigaba aos novos a encher os espazos adicados á mantenza, hoxe non o teño tan claro, o medo non escolle xeracións para inzar. A capacidade dos mass media para crear e recrear un ambiente artificial ou falseado é infinda, eles deciden por nós, están instalados na nosa conciencia controlando e avivando os temores para que deamos pasos avante ou atrás.

Teño por seguro que os *ocupas* do vello prelo Minuesa non se deixaron levar pola vaga consumista, entroques analizarían os modelos de loita perante o réxime planetario que se achegaba.

Aqueles veciños de roupa apertada e botas enormes entraban e saían do seu local autoxestionado alleos a nós, os universitarios que percorríamos amodo os xardíns da escola Santa María nos seráns sollosos á procura das derradeiras loiras do día, ou que cruzabamos a ronda para botarlle unha en *Las Tapas*, fartos do localismo da cafetería universitaria.

Lembro con saudade o día no que por casualidade pasei pola Ronda de Toledo e vin Minuesa sitiada polos antidisturbios, había poucos meses que rematáramos os estudos, aínda pasabamos ás veces pola escola para arranxar algún documento ou para reencontrarnos, o escenario non mudara ren, mais... Viña de comezar a restauración da orde, era o final dun hábitat urbano habitábel, humano e humanista. En pouco tempo a escola tamén pecharía as súas portas, mudaron os xardíns da raíña polo campus de Cantoblanco, nos arrabaldes da cidade.

Moitos transeúntes paramos para ver que acontecía. Unha chea de policías con escudos e mocos agardaban a orde para entrar en Minuesa, os *ocupas* osmaban dende os balcóns namentres penduraban faixas e bandeiras de resistencia. Acarón meu, unha muller cincuentona tamén miraba con curiosidade.

- *Queren botar aos rapaces? Secadra non teñen para onde ir.*

- *Si, polo visto van desaloxar.* Respostei-lle eu.

- *O meu irmán traballou aí cando era o prelo de Minuesa, xa hai ben anos.*

- *Eu teño algún libro imprimido aquí, fixeime que pon Herederos de Minuesa, Ronda de Toledo.* Engadín por ver se me contaba algo da historia daquel prelo.

- *E os rapaces defenderáanse? Non terán nada para deter o ataque da policía... Aínda que... É posíbel que haxa pezas do vello prelo, meu irmán falaba duns taraboulos moi pesados... Se os conservan aínda po-*

den arrebolarllos á policía.

A muller, que ben se coñecía que era do barrio, falaba dos *ocupas* cunha mágoa que semellaba que se estaba a referir ao sitiado pobo iraquí doutrora.

Tardei en voltar por alí, tardei tanto que me atopei cunha moderna comisaría instalada nun edificio revestido de vidro no canto daquel antigo centro social autoxestionado -na terminoloxía *ocupa*- xurdido dun prelo reciclado.

O ZUNIDO DOS IANQUIS.

Durante varias noites ouvimos un bruído estarrecente que abrollaba do ceo, unha estormentada que facía vibrar aos vellos edificios do centro. Non sei se lle demos importancia ou non, non o lembro, mais sei cando comezamos a dárllela, cando as pescudas de *Izquierda Unida* deron como froito unha pregunta ao goberno do Estado. Víñase de saber que aeronaves militares americanas sulcaban o ceo de Madrid cara as bases de Torrejón de Ardoz en plena noite. Coido que o goberno o negou mentres puido, que foi pouco tempo.

Non é doada de describir aquela sensación nocturna, escoitando desde os nosos leitos un zunido mesto que enchía os cuartos, e saber que en poucas horas eses avións estarían a bombardear un país de xente pobre, xente que de seguro non puidera ategar os seus rochos de conservas, pastas, arroz ou fariña. Os pobos do Iraq non puideran declarase insubmisos á morte diante dos exércitos máis mortíferos do mundo. No entanto o concepto "insubmisión" vivía os seus mellores intres na nosa sociedade de rochos cheos.

Dende calquer punto do barrio divisábase a cheminea dunha antiga fábrica de tixolos convertida en parque, era coma un faro de tixolo espido, sen estética ningunha, mais achegáballes unha fasquía especial ao *Parque de la Insumisión*, sempre soidoso, agás pola andareta buldeira dalgún can.

O parque non tiña nome, coido que cando o concello botou céspede no solar que deixou a fábrica esqueceu baptizalo, daquela, unha noite os *ocupas* agancharon pola cheminea e pintaron en cor branca as letras da palabra *insumisión*, asemade os menos áxiles fornecidos de aerosois e letras de molde, rotulaban nos muros do recinto o nome que en pouco tempo se popularizaría, *Parque de la Insumisión*.

Non eran pintadas badocas, eran verdadeiras gravuras nun alfabeto elegante e uniforme... Coma feitas nun prelo, foi a derradeira homenaxe á vella industria cultural do barrio.

ARDE BAGDAD.

Quen non adoitaba mercar xornais víase tentado polas edicións vespertinas, con grandes titulares e fotos en cor. Eu deixei-me levar pola primeira plana máis rechamante, *Arde Bagdad*, aínda gardo o exemplar do xornal pola casa.

El Sol foi unha cabeceira tan efémera coma a vida daqueles iraquís que mencionaban as pintadas *ocupas* no barrio de Embajadores, *¿Cuántos iraquíes cuesta un barril de petróleo?*

Líamos a prensa con devezo, nomeadamente as explicacións polo miúdo verbo do arsenal de cada bando, as posicións das naves europeas, as cidades atacadas... As ringleiras de avións de cartón pedra nas bases militares iraquís... Triste atrezzo para que os ianquis apañasen medo através dos satélites.

O feito de que o Estado español tivese mandado tropas ao Golfo Pérsico -daquela utilizábase moito este topónimo marítimo-facía que a guerra se vivise como se estivese aí mesmo, a pouca distancia. A min iso non me involucrava, eu exercía de galego unicamente galego un chisco ácrata -agora sería antisistema- e tomaba posicións enfrontadas aos Estados Unidos de América por defecto.

Juan Luis, segundo el, mercaba o ABC porque lle gustaba o formato, non se doía dos iraquís, observaba as imaxes con friaxe e indiferenza, non cuestionaba a intervención, e daquela criticar aos americanos alegando que era unha guerra polo petróleo podía ser motivo de sorrisos tan amplos coma o do debuxo da casiña feliz acarón da inscrición *Kasa okupada kasa enkantada*, a min tamén me facía rir aquela casiña rideira, flanqueada polas sinaturas dos *Sharp* e os *Reds Skins*, algo así coma a tropa de elite do anarquismo de rúa, os *antifas* da actualidade.

Ter unha veciñanza tan combatente enchía de cor a Ronda de Toledo, proclamaba revolucionarias, peticións de xustiza, homenaxes aos mártires das guerrillas e vella simboloxía soviética... A inscrición máis recorrente era a de *Fujimori genocida*, feita a brochadas anchas e vermellas, sempre supuxen que debía haber algún vencello entre os *ocupas* de Minuesa e os peruanos que amenizaban as mañás do Rastro coa súa música andina.

Da fachada da casa ocupada penduraran unhas sabas co lema *Minuesa resiste*, e resistiu mentres fixemos a carreira, o día que a rematamos chegou a policía, e chegou para ficar.

El tipo del patio de luces

Por Jose Díaz

Jose Díaz, natural de Asturias e residente actualmente en Burela, é colaborador habitual do diario *El Progreso*, no que xa leva publicada unha chea de artigos. Afeccionado tamén ós temas culturais, gústalle especialmente a literatura, sendo autor de varios textos, en especial unha novela que pronto verá a luz. Mostra tamén un especial interese nos temas cinematográficos, sendo o Director dunha curta titulada *El Padrino IV*. Até non hai moito era propietario do pub *Penta*, en Burela, onde tiñan lugar moitos actos culturais.

El patio de luces del edificio en que vivo tendrá unos 40 metros cuadrados. En él vive un tipo, un tipo extraño. Siempre ha estado ahí, desde que llegué aquí hace un par de años, y ya desde mucho antes, desde siempre. El tipo va creciendo poco a poco y a día de hoy es enorme. Medirá 20 metros de altura, calculo. El tipo se alimenta de las personas que viven en el inmueble. Dependiendo de su altura, va devorando a los de uno u otro piso. Está a punto de llegar al 5º. Yo vivo en el 6º D y la ventana de la cocina da al patio interior, al patio de luces. A no mucho tardar meterá su gran mano por esa ventana, me cogerá entre sus gruesos dedos y me comerá. Es mi destino y no hay nada que pueda hacer para esquivarlo.

El año pasado, más o menos por estas fechas, se comió a los del 4º B. Se trataba de una familia joven, un matrimonio de treinta y tantos que acababa de tener su primer hijo. Dicen que primero se comió al pequeño y luego sus padres, resignados, entraron voluntariamente en su boca vencidos por la tristeza.

Aún no se ha comido al del 4º C, que seguro que ya no tiene muchas cosas por hacer, o no debiera tenerlas. Es un sesentón viudo, sin hijos y con muy mala leche.

- El mundo es una mierda –me dijo sin más una mañana en el ascensor.

Ni siquiera era optimista por las mañanas. ¿Hay algo más terrible? Yo siempre espero que cada día suceda algo inesperado, fantástico. Lo cierto es que casi nunca pasa, pero unas pocas veces sí, por eso sigo esperándolo indefinidamente, sin prisa, confiado.

Sólo he plantado el árbol. Ni he sido padre, ni he escrito un libro, y eso que he puesto todo mi empeño. Sobre todo en lo segundo. Siempre pensé que tendría tiempo para hacer todas *las cosas que se deben hacer*, pero casi sin darme cuenta, el tipo ya está a poco más de 5 metros de mi casa.

Cuando se comió a Luisa, la del 3º C, los vecinos hasta le felicitaron. Se asomaron a las ventanas con gesto de gratitud. Yo mismo lo hice también. El tipo no se inmutó. Nos miraba sin comprender. No creo que el tipo sepa nada de sentimientos ni pasiones, pero nosotros aun así nos sentimos agradecidos aquella vez. Es lo bueno de sentir, se puede hacer aunque no sea recíproco. Luisa estaba muy enferma y esperaba la muerte. Sufría mucho, y he oído que con

sus plegarias, al final de sus días, únicamente pretendía que el tipo creciera más deprisa.

Lo bueno de un edificio que se está quedando sin gente es que tenemos más espacio los que aun quedamos, más espacio y menos ruido.

- Hay que ver como pasa el tiempo, hace nada todavía no alcanzaba el 1º, y mira ahora, ya casi sentimos su aliento –me dijo el otro día Ramón, mi vecino del C.

Eso me hizo reflexionar, pues no le faltaba razón. Hay mañanas que me despierto sobresaltado y asustado al creer ver como su gran mano asoma ya por mi ventana. Entonces no tendré donde ir, no podré escapar.

Cuando compré este piso, ya lo sabía, sí, sabía que el hombre estaba allí y que algún día, antes o después, perecería en sus fauces. Es curioso como tonteamos con cosas que realmente nos asustan desde que las conocemos, desde el principio, que sabemos que no son para nosotros, y nos harán desgraciados, que tienen un desdichado final que auguramos sin demasiado esfuerzo, pero aun así nos empeñamos en ser funambulistas sin red, con los pies descalzos sobre brasas incandescentes.

Todos especulamos sobre quién será el siguiente. La mayoría piensa que serán los del 5º A, porque son familia numerosa, y el tipo, después de tanto tiempo y siendo ya tan grande, tendrá hambre. Pero no se puede uno aventurar, porque a menudo el tipo nos sorprende y se merienda a quien menos esperamos, como Álex, el del 4º D, un chico joven y con toda la vida por delante con quien yo compartía muchas horas de ocio. Aquella vez el tipo me cabreo de verdad:

- Eres un cabrón –le dije desde el balcón, no sin cierto temor-. ¿Por qué no piensas un poco antes de actuar? ¿No ves que hay personas que no puedes comer por mucho que hayas llegado a su altura? Tú quizás, pero ellos no han llegado a la tuya.

Lo de Álex me hizo daño. Por primera vez odié al tipo. Hecho de menos a mi amigo.

La gente se pregunta que hará cuando termine con todos. Ya nadie quiere vivir aquí. Por mucho que el precio de las viviendas esté por los suelos. Prefieren pagar lo que sea, pero con la certeza de que el tipo no estará en su patio de luces. Pero el tipo, entonces, se irá a otro edificio. De eso estoy seguro.

A veces me imagino un mundo feliz den-

tro del estómago del tipo. Tal vez allí, entre sus jugos gástricos, encontremos la felicidad, pero la de verdad, no la de aquí. A lo mejor el hombre nos traga enteros y permanecemos intactos en su barriga. ¿No vió Pinocho dentro de una ballena?

Hay algo chocante: no se comió al del 2º B. Aquel hombre, Moncho, empezó a decir que no existía, que el tipo era una invención nuestra, una fantasía irracional producto de nuestra imaginación. Dijo que estábamos todos locos. Ahora se pasa los días sentado en una mecedora balanceándose lenta y compulsivamente sin dejar de repetir:

- Yo no existo, yo no existo, yo no existo...-mejor le fuera.

Por algún motivo, el tipo le permitió vivir o no era manjar para su paladar. ¿Quién sabe? ¿Quién conoce al tipo? Tal vez solo vemos lo que queremos ver. Nadie se ha interesado por él. Si lo conociéramos, si supiéramos por qué se empeña en devorarnos, qué motivos o qué necesidades le impulsan... He pensado varias veces en hablar con él, pero temo que no le haga gracia y me coma. El miedo a no saber es siempre menor que el miedo a desaparecer. Ojala otro lo hiciera y luego pudiera contárnoslo.

Lo que sí hizo el tipo una vez fue vomitar. A Juana, la señora del 2º C. Nos preguntamos a la sazón, por qué no le había gustado o le había sentado mal. Lo único que podía hacerla diferente del resto era su profesión: tarotista. Una de esas *brujas buenas* que te leen las cartas o las líneas de la mano en su casa a cambio de la voluntad, sin factura ni plena seguridad, claro.

- He sabido cuál era el turno de todos vosotros, pero ahora que se acerca el mío, estoy asustada de verdad ... -le había dicho a Álex unas semanas antes de su desaparición.

Y es que, como digo, en el edificio no puede quedar nadie. Ni siquiera Moncho. Seguro que el tipo terminará comiéndoselo.

He meditado huir. Pero algo me dice que mi único refugio sería la locura, y a ella la temo todavía más que al tipo.

Haría falta atravesar este lienzo que es la vida para saber qué mano macabra y delirante nos ha dibujado. A quién se le ha ocurrido lo del tipo y por qué... si es que hay alguien responsable de esto. Ni siquiera tenemos un nombre para él. No es necesario, es el tipo que nos come, el tipo del patio de luces. ¿Qué otro nombre necesita?

Cuestionés de ética

Alumnos de 4º Curso

Os alumnos da materia de Ética de 4º da ESO do noso Instituto realizan cada ano varios traballos de investigación sobre temas controvertidos sobre este tema, divididos en grupos. Aquí vos presentamos as conclusións persoais ás que chegaron nos cinco traballos de investigación na última avaliación deste Curso 2009-2010, que versaban sobre a *democracia*, o *incumprimento dos dereitos humanos*, o *multiculturalismo*, o *feminismo* e a *violencia de xénero*.

A DEMOCRACIA.

O que aprendemos con este traballo é que a democracia está ben para moitas cousas, porque grazas a ela o pobo pode

votar e dar a súa opinión para decidir as persoas que van gobernar e exercer os distintos poderes do estado.

O que non nos gustou foi que antes, en

Grecia e Roma, seguía habendo algo de machismo, xa que as mulleres e os escravos non tiñan voto nin opinión para decidir que persoas querían para gobernar.

En Europa e Estados Unidos, a finais do século XIX, houbo moitas monarquías significativas porque adoptaban unha Constitución para limitar o poder da coroa e darlle bastante poder político o pobo.

A democracia moderna pareceunos que está moi ben, porque unhas das súas principais características son a liberdade individual, que proporciona ós cidadáns o dereito a decidir e a responsabilidade de determinar as súas propias traxectorias e dirixir os seus propios asuntos, a igualdade ante a lei, o sufraxio universal e a educación. Estas medidas o que buscaban realmente era o dereito á vida, a liberdade e a felicidade do cidadán.

En resumo, grazas a democracia o pobo pode elixir e decidir a persoa que quere para gobernar o seu estado por iso está ben. E grazas á democracia existen medidas para que o cidadán poida ter dereito á súa vida.

O INCUMPRIMENTO DOS DEREITOS HUMANOS.

Pensamos que os dereitos humanos se deberan cumprir, xa que establecen os dereitos básicos de todos os cidadáns e cidadás. Unha cousa que nos parece indignante é que as mulleres non poidan votar en certos países, iso non nos gusta nada e pensamos que debера cambiar.

Iraq, segundo un reportaxe televisivo, foi o país que máis incumpriu os dereitos humanos.

Outra cousa que é inaceptable é que aínda hoxe haxa maltratos e crueis crimes no mundo. Estamos de acordo en case a totalidade dos dereitos humanos.

Creemos que se realmente se fixeron os dereitos humanos é para cumprilos e a quen non o faga deberíaselle poñer unha sanción forte. Nós pensamos que se pode facer unha certa relación entre os incumprimentos dos dereitos humanos e os numerosos organismos que se crean para o benestar dos cidadáns e non acaban tendo un peso de cumprimento.

Os dereitos humanos establecen unha sociedade igualitaria, de respecto cara ós demais, unha sociedade de liberdades, co recoñecemento a toda persoa da presunción de inocencia e, sobre todo, a unha sociedade de dereitos individuais. Creemos que estes aspectos, se se cumprisen en todos os países, farían un mundo tolerante e máis pacífico.

Admiramos o papel que está abordando a Organización das Nacións Unidas (ONU) neste tema para intentar que os dereitos humanos se cumpran internacionalmente a través de campañas públicas para concienciar á xente da importancia destes dereitos. A influencia que están mostrando os países membros da ONU grazas as súas campañas é sorprendente.

Tampouco falamos nada de Amnistía Internacional, que se encarga de facer que se cumpran os dereitos humanos. Segundo este organismo, a violencia de xénero segue a ser un problema e un incumprimento dos dereitos humanos na UE. Concreta-

mente en España, as taxas de mulleres violadas é moi alta. Amnistía Internacional xa está actuando fronte a esta situación. Este é un exemplo máis de todos os incumprimentos que se lle presentan a este organismo, neste caso a nivel nacional (para que vexamos que os incumprimentos témolos moi cerca de nós).

Case todos os traballos que estamos a facer en Ética son sobre incumprimentos dos dereitos humanos, e se visitamos a súa páxina web veriamos milleiros de noticias referentes a estes incumprimentos. Encantaríanos que se cumprisen estes dereitos, xa que responden, para nós, a unha sociedade, como xa dixemos antes, con dereitos, liberdades, respecto... e nós sempre vamos a estar a favor diso.

Amnistía internacional é o organismo de maior defensa dos dereitos humanos. En España conseguiu grandes fazañas neste terreo e esperamos que siga conseguindo moitas máis. Aquí enumeramos as máis importantes:

- Abolir a pena de morte definitivamente no estado español (1995) e a poñer fin ós instrumentos e armas de tortura (2001).

- Contribuír a diferentes propostas para mellorar a aplicación da violencia de xénero e a que non se converta en papel mollado (2004).

- Lei de Asilo para que as mulleres que fuxan dos seus países por violencia de xénero poidan obter protección (2007).

- Tras as súas denuncias sobre torturas por parte das forzas de seguridade, conseguiron que se instalen videocámaras nas comisarías de Cataluña y País Vasco (2007).

- Contribuíron a que os dereitos humanos están nos colexios e institutos, a través da asignatura de Educación para a Cidadanía (2007).

- Lei da Memoria Histórica (2007).

- O Goberno presenta un Día en Conmemoración dos Dereitos Humanos (2009).

A nós parécenos ben todos estes logros, xa que dan cada vez máis pasos polo cumprimento total dos dereitos humanos.

MULTICULTURALISMO.

Falar de multiculturalismo nun mundo como o noso é complicado, porque cada quen esta tan metido nos seus propios problemas que non ten tempo para asimilar e corrixir as accións que realizamos diariamente. A discriminación, o racismo, a xenofobia, a homofobia... é o que diariamente se vive; a ninguén lle importa chamar "negro", "gai", "terrorista", "indio"... A ninguén lle interesa darlle unha oportunidade a alguén que sexa diferente a un, simplemente porque somos tan ignorantes que non podemos aceptar aos demais sen importar a súa cor de pel ou condición social. Por iso o multiculturalismo impón un acordo baseado en normas que respecten as diferenzas culturais, pois cada un é libre de ser como é sen avergoñarse diso. Xa non debemos ser diferenciados polo noso aspecto ou procedencia, debemos ser tratados por igual, e aínda que soe moi bonito hai que levalo á

práctica, cada un debe facerse cargo do compromiso de respectar as diferenzas que existen no mundo e aceptar a diversidade cultural promovendo así un ambiente máis san e menos hostil, sen discriminación na nosa sociedade angustiada de problemas.

FEMINISMO.

Estamos de acordo co feminismo, xa que creemos que é todo aquel movemento que as mulleres tiveron que realizar ó longo da Historia para poder alcanzar a igualdade política, social e económica da que gozaban os homes. Os principais dereitos da igualdade que se reivindicaron son: o control da propiedade privada, a igualdade de oportunidades na educación e no traballo, o dereito ó sufraxio, o voto libre e a liberdade sexual (xa que á muller estáballe totalmente prohibido manter relacións extra-matrimoniais e ao home non). Na actualidade, aínda que a maioría das mulleres do mundo conseguiron mellorar os seus dereitos, aínda está pendente a total igualdade co home a nivel político, económico e social.

O feminismo non é un movemento en contra do home (moita xente ignorante sobre o tema cree que isto é así), un movemento en contra dos homes é o *hembrismo* e é unha decisión persoal da feminista selo ou non. Defínese *hembrismo* como conxunto de actitudes e comportamentos que rebaixan a dignidade do home marxinándoo e desprezándoo fronte á muller polo mero feito de pertencer ó sexo masculino.

O feminismo defínese como antisexista, por tanto está en contra do *machismo* pero tamén en contra do *hembrismo*, por ser ambos causa de inxustizas sustentadas pola suposta superioridade de un ou outro sexo. Para o feminismo non existe superioridade entre os sexos, en cambio para o *hembrismo* a muller é superior ó home, e para o *machismo* o home é superior á muller.

Este traballo pareceunos moi interesante xa que aprendemos moitas cousas que descoñeciamos sobre o tema.

Estamos tan obsesionadas coa igualdade e os dereitos femininos que nos transformamos en conspiradoras paranoicas e resentidas. Asístanos tanto converternos na muller detrás do home ou á esquerda na mesa, perdido o centro.

Hoxe, para nosoutras, levarlle un vaso de auga a un home representa moito máis que un favor; é servilismo, sometemento, desigualdade.

Vivimos supervisando todos os xestos, como a Santa Inquisición do feminismo. Se nos regalan unha licuadora, estannos mandando á cociña; se nos abren a porta, súxírennos que somos débiles; se no nos conctan algo, non nos dan o noso lugar; se nos consultan todo, pónennos no rol de nai; se nos preguntan qué vamos comer, en realidade esíxennos a cea e se nos piden un calzón, estannos dicindo lavandeiras, escravas...

Necesitamos deixar en claro que somos iguais ou mellores que eles con tanta avi-

dez e desesperación que caemos na nosa propia trampa; porque cada vez que non importa quen abre a porta ou quen paga a cea estamos realzando a diferenza, probando que si existe. E cada vez que a negamos ou a discutimos facémola mais grande.

A igualdade non chegará até que nosoutras nos comportemos como iguais, até que esquezamos o estereotipo e o mandato. Non temos que elixir nada. Non temos que odiar o *rimmel* para ser intelixentes, ser célibes para ser valentes ou pedir *delivery* para ser modernas. Somos mulleres, e podemos telo todo, o mellor de ambos mundos: as galletas de xenxibre e o doutorado, o ascenso e un costureiro, unha familia enorme ou una familia de dous. Podemos elixir todo. E iso é a igualdade.

VIOLENCIA DE XÉNERO.

Neste traballo falamos un pouco dos distintos tipos de discriminación, pero neste caso centrámonos na discriminación de xénero. Este tipo de discriminación está a aumentar día a día. Cada día moitas mulleres son maltratadas e a nós parécenos unha gran aberración. Non entendemos como alguén pode querer a unha persoa e ó mesmo tempo chamarlle inútil ou pegarlle.

Creemos que o que leva a un maltratador a cometer estes abusos é a propia natureza. O seu entorno, a súa educación, a familia e a sociedade que rodea ó individuo son as principais causas que orixinan ese mal comportamento.

Nós creemos, como moitas outras persoas, que unha parte de culpa tena a sociedade en xeral. Xa dende os comezos as mulleres eran tratadas de incompetentes, pero se iso fose así a súa loita pola igualdade entre homes e mulleres non tería resultado. Por sorte, esa loita si tivo resultados e trouxo resultados positivos para elas. Creemos que aínda non son tratadas como deberían e creemos que eses homes que

non consideran oportuna a igualdade entre os dous xéneros son os verdadeiros incompetentes. Por suposto, nós non estamos a favor desta desigualdade, todos somos iguais e temos os mesmos dereitos.

Creemos que esas medidas establecidas polas organizacións de mulleres mellorarían a sociedade. Moitas delas aínda non se levan a cabo e non entendemos as razóns.

Preguntámoslles a algunhas persoas o que opinaban disto, e houbo unha opinión pola cal tivemos certo interese: "*Danme moita pena as mulleres que se atopan nesa situación e non saben como saír. Como moitas delas dependen do home vense incapaces de saír adiante soas.*"

Nós opinamos o mesmo. A nós non nos gustaría estar na pel desas mulleres que dependen economicamente do home e teñen medo a enfrontarse á sociedade soas. Aguantan os golpes, os insultos, as humillacións... porque teñen medo a saír. Por iso a nós se nos ocorre outra medida para estas mulleres: axudas económicas que lles permitan saír adiante, pero para os gobernos é máis importante ó parecer perder diñeiro que perder unha persoa.

Anteriormente dixemos que unha parte da culpa tena a sociedade, pero non lle podemos quitar protagonismo á persoa que exerce de maltratador. A clave de frear iso está nos propios protagonistas, xa sexa a muller maltratada ou o home maltatador.

O problema chega, en moitas ocasións, cando o home non quere que a súa parella, despois de todas as humillacións, o deixe. A causa disto moitos homes deciden acabar coa vida da muller e posteriormente suicídanse, foxen ou entregáanse ás autoridades. Precisamente neste momento se descobre quen son os verdadeiros incompetentes, covardes... Nós persoalmente cremos que esa persoa está ben entre rexas pero para que despois duns anos saia tan tranquilo, é mellor que se suicide, xa hai bastantes mal-

tratadores libres; a verdade é que non nos dan unha pena. Tamén temos que dicir pola nosa parte que esas persoas non merecen ningún respecto.

Pareceunos tamén interesante seleccionar dous artigos de xornal, neste caso do xornal *El Mundo*. O primeiro puxémolo xa que nel se recollen datos do crecente problema do maltrato e ademais o establecemento dalgunhas medidas. O segundo seleccionámolo xa que trata dun caso de maltrato en concreto. Creemos que estes son dos casos máis crueis de violencia de xénero e máis aínda se hai nenos polo medio. Con este artigo demostramos a inutilidade dos gobernos, os cales crían que por unha simple orde de afastamento a muller non perigaría. A conclusión disto é que se deben tomar medidas moito máis drásticas e incluso crueis, semellantes ás dos propios maltratadores.

Como dixemos, preguntamos a algúns compañeiros e profesores sobre esta clase de discriminación, e estas son algunhas das respostas:

"Non estou de acordo coa violencia de xénero".

"Unha falta de respecto cara as mulleres. Por desgraza, este problema está a aumentar moito nestes últimos anos".

"Hai que respectarse. Os homes quérenos todo para eles. ¡Son uns animais!".

Tamén lles pedimos unha palabra que resumira a violencia de xénero: "*INXUSTIZA*", "*MACHISMO*", "*DESIGUALDADE*"...

Hai moitas inxustizas no mundo e cada día vamos vendo con máis claridade a realidade, esa realidade que oxalá non existira nunca. E como no traballo anterior, preguntámonos o mesmo: *¿rematarán algún día, ou perdurarán até o fin da humanidade?...* Quizais sexa esta a pregunta que todos os temas éticos teñen en común.

Josefa González Buide, "Pepita" para os amigos reside actualmente no País Vasco, en Algorta, provincia de Biscaia, pero é natural da parroquia de Budián, no Valadouro. Sente unha gran afección por escribir poesía e xa ven de colaborar en números pasados da nosa revista Xornalouro con outros poemas. Neste Número 31 ofrecémosvos o poema titulado "O Valadouro celta".

Anxeliños de Budián Por Josefa González Buide

A

Postos enriba das penas
redondas, moi redondiñas,
dous anxeliños choraban
con moitas bágoas sentidas.

Que vos pasa, anxeliños?,
díxenlles con moito afán.
Choramos, miña meniña,
por xente que fai o mal.

Meseime eu o queixelo
pra así ben os comprender.
Os anxeliños, mirándome,
déronme en responder.

Ti aínda es unha meniña
e quédache aínda por medrar,
pero cando iso acontece
pódelos asemellar.

B

Tiven outro tempo aquí,
sentado cal estou hoxe,
revéndome nestas árbores
pra así ulir unhas flores.

Miraba pra aquel carreiro,
escoitando outra xente
que, sentada na buqueira,
falaba baixiñamente.

Eran xentes, imiñas pobres!,
que non facían máis cousa
que cumprir o ben da vida
rebando con xeito as chousas.

Amigos dos seus veciños,
moi roldadores da lúa
que brillaba pola noite
na auga morniña e pura.

Xentes que tiñan as mans
callosas dos seus traballos,
pero tamén o corazón
tiñan cal ouro dourado.

Pero hoxe que nos atopas

sentados aquí e chorando,
non temos ninguén que poida
nosas bágoas ir limpando.

Motivo polo que choramos,
xa que temos que marchare,
pois nesta pena redonda
ninguén queda a quen coidare.

C

Cóidame a min, anxeliño!,
pídlles chea de pena.
Todos xuntos somos tres
pra vere a noite serena.

Veremos as arboriñas
que chaman os castiñeiros,
e tamén os verdes pinos
con carquiñas, ben feitos.

Escoitaremos a fonte
mirando prós paxariños

voando ó caere a tarde
levando saltóns nos picos.

E poida que non choredes
e non queirades marchare
pra cando eu sexa nai
non chegue a facere male.

CH

Medrada estou hoxe xa.
Andiven moitos carreiros,
pero cando volvo eu busco
os anxeliños do ceo.

Na pena están ben sentados,
na mesma Pena Redonda,
case cuberta de hedra
e flores que lle dan sombra.

Así sei que cada ano,
cando chego e cando os vexo,
atópome cos castigos

de todos meus días lexos.

E penso: chegou o día,
pero tamén chegou a hora,
de presentarlles os fillos
pra que lles sirva de gloria.

D

Pois eles, os meus probiños,
só teñen unha esperanza:
darlle bo camiño á vida,
ben longa e chea de gracia.

Unha vida ben semellante
á que tiveron outros homes
que fixeron fai xa tempo
moito, aínda que eran probes.

Valéndose de tan pouco,
aínda que iso fora moito,
pois quen ten moi boa alma
é abastado e ten de todo.

Pedro Pardo de Cela

Por Josefa González Buide

¿Que se fixo daquel home
de sembranza cabaleira
que foi o amo do Val
Ladouro naquelas feitas
do mil catrocentos anos
e máis ou menos oitenta?

Dis que era obrigado
relebralo con fachenda,
posto que tiña seus homes
xunta a el con boas prendas
e se foran os labregos
ou se fidalgos puxeran.

Uns agarimaban a Pedro,
todos honraban ó home,
xuntos folgaban a cabalo
polos montes e portelas,
pra deixare os malasaña

soliños xunto ás buqueiras.

Posto que un deles un día
do Valadouro saleu
e, portándose cal Xudas,
ó seu amo traicionou.
Chamábase Ray Cofano
e cal traidor o vendeu.

Cando isto pasou choraban
polo seu amo e señor
e fóronse, pois era moito
o esquecido pola dor,
por ser xusto e poderoso
e xenro de home de honor.

As terras do Valadouro
de auga foron enchéndose
e din que moito escoitaron

polas noites cousas longas
dicindo: ¡Eu credo en ti!
¡Xesús, non volverei ó Val!

Durmirei na terra fixa,
que o meu corpo tapará,
baixo as sombras da noite
desa antiga catedral
do Mondoñedo romano
que lexos queda do Val.

Non verei máis miña xente
e tampouco os meus fillos.
Morto tou e xa non teño
vida nin presente fixo,
xa que se marchou voando
cal un paxaro maldito.

Vida y paz

Alumnos de 4º da ESO

Unha das actividades que levaron a cabo os alumnos de 4º da ESO na materia de Lingua Castelá foi compoñer un poema entre todos. Cada un aportou o seu gran de area en forma de verso e este poema titulado "Vida y paz" e o resultado de xuntar os esforzos. Tamén na literatura se pode traballar en equipo.

Soledad al lado del mar.
Subo entre las montañas y oigo tu voz, que forma un bonito paisaje.
La soledad.
La muerte y el más allá, y tú no estás aquí.
La libertad que no tienen las personas.
Las almas enterradas después de que por alguien fueran llevadas.
La tristeza y el paso del tiempo que nos lleva al cementerio.
Busco tu sonrisa que me da la paz interior.
Gaviota blanca, vuela, vuela pese a las continuas corrientes de viento árido;
vuela, vuela, frente al cielo gris y lluvioso,
vuela frente a los atardeceres negros, vuela.
La belleza animal.
Belleza y libertad.